

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE MODIFICA O ÁMBITO DE APLICACIÓN DA RESOLUCIÓN REITORAL DO 1 DE OUTUBRO DE 2018 POLA QUE SE ESTABECE O CRITERIO PARA DETERMINAR AS ÁREAS AFÍNS DAS COMISIÓNS DE SELECCIÓN PARA OS CONCURSOS DE ACCESO AOS CORPOS DOCENTES UNIVERSITARIOS E PROFESORADO CONTRATADO DOUTOR NA UNIVERSIDADE DE VIGO

Unha vez aprobada no Consello de Goberno de 3 de abril de 2024 a nova Normativa reguladora dos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios e ás categorías de profesorado permanente laboral e profesorado axudante doutor na Universidade de Vigo, mediante a que se inclúen no procedemento de selección previsto nela tanto a nova categoría de profesorado permanente laboral e a categoría de profesorado axudante doutor,

E co fin de establecer os criterios para determinar as áreas de coñecemento que serían afíns coa finalidade de compoñer as comisións de selección a estas novas categorías que non estarían contempladas na resolución reitoral de 2018,

Esta Reitoría **R E S O L V E**:

Ampliar o ámbito de aplicación da *Resolución Reitoral do 1 de outubro de 2018 pola que se establece o criterio para determinar as áreas afíns das comisións de selección para os concursos de acceso aos corpos docentes universitarios e profesorado contratado doutor na Universidade de Vigo*, e incluír no mesmo as categorías de profesorado permanente laboral e profesorado axudante doutor.

Vigo, 15 de maio de 2024

O Reitor

(asinado dixitalmente)